

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o vindeiro venres, 27 de setembro de 2013, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/13, do 13 de setembro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 15.701 á nº 16.400, de 2013.
- 3.-Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística

- 4.-Ratificación da resolución do 11 de setembro de 2013 de modificación do prazo de vixencia do convenio coa entidade ACLAD para as obras de adaptación do edificio existente na comunidade terapéutica “Julio Portela”, en Culleredo.
- 5.-Modificación da subvención e aprobación de convenio coa entidade ASPROMOR para o financiamento da segunda fase da obra de edificación dun centro de día e residencial en Ortigueira, consistente na construción dunha residencia para persoas con discapacidade intelectual adultas en 2013.
- 6.-Aprobación do convenio coa Universidade da Coruña para prácticas do Máster de Turismo 2013.
- 7.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio coa entidade Hockey Club Liceo de La Coruña, para financiar a realización das actividades do ano 2013.
- 8.-Concesión de subvención nominativa e aprobación do texto do convenio coa entidade Club Basquet Coruña, para financiar o crecemento do Basquet Coruña.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

- 9.-Concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Bandas de Música Populares para financiar o V Campus Musical no ano 2013.
- 10.-Concesión dunha subvención nominativa á Escudería Automovilística de Ferrol para financiar o 44º Rallye de Ferrol.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

- 11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Club Deportivo Equiocio para financiar o proxecto “Salón do Cabalo. Equiocio 2013”.
- 12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto “Plan de competitividade turística. Ano 2013”.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

13.-Aprobación do ditame da Comisión de Seguimento do Teatro Colón.

14.-Aprobación da formación do convenio entre a Deputación e a Asociación Galega de Desenvolvemento Social para financiar o proxecto experimental de compostaxe doméstica.

15.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 16.564, do 12 de setembro de 2013, pola que se modifica a cláusula II do convenio suscrito entre a Deputación e o Concello de Padrón para financiar as obras de reforma da piscina cuberta municipal Fase I.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

16.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2013, 2ª fase, que se detalla: senda peonil na DP 1404 acceso ao Dolmen de Dombate PK 0+200 ao 0+690 (Cabana de Bergantiños).

17.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2013, 2ª fase, que se detalla: ampliación e mellora de trazado da DP 8001 das Cruces a Penabranca do PK 0+000 a 0+240 (Sobrado); senda peonil na DP 3301 Rianxo a Bexo por Isorna, PK 12+690 a 12+810 (Dodro); intersección da DP 3006 coas rúas Maria Ana Mogas e Lisboa (PK 1+320) (A Coruña).

18.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2013, 6ª fase, que se detalla: reforzo do firme nas estradas DP 1004 e DP 3204; mellora da capa de rodadura na DP 8401 A Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra entre o PK 5+400 e o PK 7+800 (Tordoia).

Comisión de Persoal e Réxime Interior

19.-Modificación da Ordenanza xeral da administración electrónica da Deputación da Coruña.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

20.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Boimorto para o financiamento das obras incluídas no proxecto "Mellora na rede municipal de abastecemento de auga".

21.-Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Carral para o financiamento das obras incluídas no proxecto de "Vestiaros no campo de fútbol dos Capelos".

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

22.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 31/08/2013 e proxección ao 31/12/2013.

23.-Actualización do marco financeiro e orzamentario a medio prazo e determinación do límite de gasto non financeiro para o período 2014-2016.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á aprobación de subvencións nominativas e á elaboración de novos plans especiais para os concellos.

-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa ás publicacións e ao uso da imprenta provincial.

ROGOS E PREGUNTAS